

MANDADIÑOS DE ENTROIDO

LUNS 8:

ESPERADE! MOI ATENTOS!
E PRESTADE ATENCIÓN
QUE COMEZAMOS CO MECO
CADA DÍA UNHA MISIÓN

O LUNS O TEDES DOADO
MOI FÁCIL DE RECORDAR:
PON CALCETÍNS ESTAMPADOS
POR FÓRA OS TES QUE LEVAR



MARTES 9:

XA COMEZAMOS A TROULA
E O MARTES HAI QUE CAMBIAR
NON SUMEDES AS COUSAS
ESQUECE O LUNS, VOLTA A EMPEZAR

O SEGUINTE NON VAI SER SOSO:
LAZOS, COLARES. GRAVATAS DE CORES...
ADORNADE O PESCOZO!
INCLUÍDOS OS TITORES



MÉRCORES 10

XA CHEGAMOS Á METADE
O MÉRCORES HAI QUE LEMBRAR
VESTIR ALGO QUE TE AGRADE
NA CABEZA O IMOS LEVAR

NON PINTEDES A CARA
A MÁSCARA PODES MANCHAR
A COUSA XA ESTÁ MOI RARA
NON A VAIMOS LIAR



XOVES 11:

ISTO NON É NINGÚN DRAMA
E O DO XOVES É MOI MOLÓN
DE CASA VEN EN PIXAMA
SE QUERES EN CAMISÓN



VENRES 12

XA ESTAMOS REMATANDO
E TERMINA A FUNCIÓN.
O ÚLTIMO DÍA DE FESTA
QUEDA Á VOSA ELECCIÓN

VINDE COMO QUEIRADES
SEN COMPLEMENTOS NA MAN
DOUTORAS, MAGOS, PIRATAS...
QUE VEÑA ATA SUPERMAN

